

Gonzalo Pérez Jácome, en nome e representación do Grupo Provincial de Democracia Ourensana, presenta ao amparo da lexislación vixente, a seguinte ***MOCIÓN relativa a instalación en todas as estradas da provincia de gardarraís de seguridade para os motoristas e ciclistas***, para ser incluída na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e, se procede, a súa posterior aprobación.

### Exposición de motivos

Hai unhas semanas en Ourense perdemos nun accidente de estrada a un deportista e persoa exemplar, como era Pedro García, funcionario do Concello de Ourense, gran aficionado o mundo do motor e tamén do Ciclismo, que ata fora en tempos Campión de España de Karting, un dos dous únicos ourensáns *-xunto con Manuel Irixo-* en lograr un título nacional absoluto no deporte do Automobilismo.

O accidente que segou a vida deste coñecido deportista ourensán aconteceu na provincia de Pontevedra, unha desgraciada saída de estrada que o levou a impactar cun gardarraíl común, unha das habituais trampas que esconden moitas estradas de España, e case todas as de competencia provincial e municipal na nosa provincia.

Polo tanto se existe nas estradas españolas un elemento realmente perigoso para os motoristas ese non é outro que os garda raís convencionais. Instalados en milleiros e milleiros de treitos para protexer aos usuarios das vías que circulan en automóbil *-tamén hai datos que demostran que as veces son moi perxudiciais para os ocupantes dun coche-* son una auténtica trampa mortal no caso de caídas dende un vehículo de dúas rodas.

Centos e centos de motoristas levan falecido ou sufrido amputacións ó longo dos últimos anos e os estudos demostran que impactar tan so a 30km/h contra eles produce o mortal *“efecto cuchilla”*.

Por todo iso, os garda raís convencionais son unha verdadeira trampa mortal dos que se leva falado e escrito durante décadas pero que aí seguen estando e que, según os datos, causa o 18% das mortes de motoristas en España, e tamén de moitos ciclistas, que ó caer do vehículo e arrastrar polo chan impactan de forma violenta contra os pilares destes gardarraís comúns provocando enormes danos, incluso decapitacións e amputacións de membros, ó facer o anteriormente mencionado *“efecto cuchilla”* a baranda de metal.

De esta forma, as estradas provinciais de Ourense, aínda contan con moitos quilómetros de garda raíl convencional, moitos quilómetros con esta arma mortal e lesiva que tanto dano fai e tanto risco conleva, mentres en moitos lugares de España estánse a instalar de xeito gradual os gardarraís con protección SPM (*Sistema Protección Motoristas*) que son os que evitan os danos que os convencionais provocan: trátase dunha banda metálica que fai as funcións de rodapé e impide que un corpo poda pasar por debaixo do gardarraíl.

O Congreso dos Deputados aprobou no mes de marzo, por unanimidade, unha moción sobre este asunto. A moción fala da substitución dos gardarraís nos treitos de maior

concentración de accidentes e vítimas, e a iniciativa insta o Goberno do Estado a cambialo de maneira prioritaria nas estradas estatais e, ó mesmo tempo, informar as comunidades autónomas, deputacións e concellos para que os modifiquen.

Pero dende Democracia Ourensana imos a máis, e o que pretendemos e que na provincia de Ourense non exista nin tan so un metro de gardarraíl convencional, e que todos sexan dos adaptados con protección SPM co máximo nivel de protección (*Clase 70 con Nivel 1 según UNE 135900-2008*), os de máxima categoría de seguridade para os motoristas e ciclistas.

Desta forma, se a Deputación Provincial cumpre esta petición nas estradas provinciais, os concellos fan o mesmo e se lle esixe tamén a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que nas estradas ourensás da súa competencia tamén se cumpra, a nosa provincia podería converterse na máis segura de España para motoristas e ciclistas nas súas estradas. Seríamos os primeiros en contar cunha rede viaria segura para os vehículos de dúas rodas.

É por elo que dende Democracia Ourensana presentamos a seguinte:

### **Proposta**

1. Que a Deputación Provincial de Ourense instale en todas as estradas da súa titularidade os coñecidos como gardarraís con protección SPM (*Sistema Protección Motoristas*) co máximo nivel de protección (*Clase 70 con Nivel 1 según UNE 135900-2008*) para evitar os danos que provocan os convencionais.
2. Que a Deputación Provincial inste aos concellos da provincia, Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento a que fagan o descrito no punto anterior nas vías da súa competencia dentro da provincia de Ourense.

Ourense, a 11 de Maio de 2017

D. Gonzalo Pérez Jácome

***A/A Sr. Presidente de la Deputación Provincial de Ourense***